




IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do Centro	IES Xograr Afonso Gómez
Dirección	Rúa Ánxel Fole S/N C.P. 27600 Sarria (Lugo)
Teléfono	982 87 08 01
Correo electrónico	ies.xograr.afonso@edu.xunta.gal
Páxina Web	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxograrafonso/
Código do Centro	27012048
RRSS	Ig: biblioxograr Facebook: IES Xograr Afonso Gómez de Sarria
Etapas educativas	ESO, BAC, CFGM de Atención a Persoas en Situación de Dependencia
N.º alumnado	352
N.º profesorado	46
Centros Adscritos	4

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Situación

O Centro atópase situado no núcleo urbano da capital do concello de Sarria. E cabeceira da comarca do mesmo nome e formada polos concellos de Sarria, Láncara, Incio, Páramo Paradela, Samos e Triacastela, situándose 31 kms ao sur de Lugo.

Centros adscritos

- 🕒 CEIP Frei Luís de Granada (Sarria)
- 🕒 CEIP Eduardo Cela Vila (Triacastela)
- 🕒 CEIP Ricardo Gasset (O Incio)
- 🕒 CEIP de Samos

Características singulares

O centro sitúase nun concello que ten unha poboación, segundo o censo de 2018, de 13.345 habitantes, 6.524 homes, o que representa un 48,89% e 6.821 mulleres, o 51,11%. A poboación inmigrante representa un 9,34%. A poboación en idade escolar representa un 10,85% do total, co cal o relevo xeracional antóllase complicado.

A densidade xeográfica do concello de Sarria é de 74 habitantes/km², unha das máis elevadas da provincia, isto é debido a que a capital do concello é un importante centro comercial, administrativo e de servizos cunha influencia que abarca unha ampla comarca. Os habitantes que se concentran na vila son un 63,54%, fronte a un 36,45 %, que se distribúen nos distintos núcleos rurais. A isto debe engadirse. que a este centro

veñen alumnos e alumnas de Láncara, O Incio, Samos e Triacastela, zonas eminentemente rurais. Por todo o anterior, hai que sinalar que ao redor dun 60% do alumnado vive na vila de Sarria e o resto nas zonas rurais.

No Bacharelato, ao alumnado do propio centro, súmase o dos centros concertados de Sarria que decide seguir estudos no IES Xograr Afonso Gómez.

Características do alumnado

Lingua materna dominante

A lingua vehicular e materna do centro é a Lingua Galega. De todo o alumnado que compón o IES Xograr Afonso Gómez, hai un número mínimo de alumnos e alumnas que non teñen ningún coñecemento da lingua.

Problemas sociais destacados:

Abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características

Poboación inmigrante: número non relevante de alumnos/as, en xeral ben integrados.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo, e contribución á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O plan Dixital dará resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá. Ademais permitirá reflexionar acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente así como facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.

Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital será outro obxectivo do noso plan xunto con mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa co fin de transformar o centro nunha organización educativa dixitalmente competente nos procesos de ensino aprendizaxe, de xestión e de relación.

O Plan Dixital está relacionado con outros proxectos do centro:

- ➔ Club de ciencias (PFPP)
- ➔ Formación E-Dixgal (PFPP)
- ➔ PLAMBE
- ➔ Plan Proxecta
- ➔ Contratos Programa en diferentes liñas.

Ademais o centro presentou o proxecto para solicitar a súa inclusión nos Polos Creativos, pero aínda estamos pendentes da súa resolución.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos en modo público, a través da plataforma dixital para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

No presente curso académico o Plan Dixital desenvólvese dentro do grupo de traballo do PFPP “Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital” que está dentro da Liña 54 - Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC.

Os integrantes do equipo de Dinamización do Plan Dixital son :

A persoa coordinadora é María José Rey López. O resto de integrantes son José Manuel Valcarce López, Xosé Lois Gutiérrez Faílde e Sonia Bergantiños Grandío.

A comunicación entre os participantes fíxose empregando a ferramenta corporativa do correo electrónico e debido a falta de ferramentas de traballo en liña e conversa simultánea vímonos na obriga de empregar a ferramenta de Google Drive e a mensaxería instantánea pola aplicación móbil whatsapp.

A metodoloxía baseouse na colaboración e o traballo en equipo, con reunións e traballo colaborativo en liña nas que se foi elaborando a documentación solicitada dende SSCC a través da aula virtual dos coordinadores da zona LUGO2:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/enrol/index.php?id=16>

Este proceso foi tutorizado pola persoa mentora ADIX2 do equipo da zona Lugo2, M.^a Jesús Casado Barrio que aportou información e suxerencias respecto das distintas tarefas entregadas.

O obxectivo final foi elaborar este Plan dixital do centro de xeito reflexivo e como un documento útil e abordable que formase parte do Plan de Mellora e do Proxecto Educativo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Para analizar a situación da infraestrutura, o equipamento e os servizos dixitais dispoñibles no centro, facemos unha descrición dividida nos seguintes items:

- **Infraestrutura de rede:** o centro conta con conexión a internet de fibra óptica, cunha velocidade teórica de 1 Gbit. A práctica totalidade dos espazos do centro contan con un mínimo de dúas rosetas de conexión cableada, e cobertura wifi baixo o SSID corporativo “edu.xunta.es” polo que o acceso está limitado aos usuarios rexistrados. Como excepción, non se conta con cobertura de rede no pavillón (nin WiFi nin cableada) nin no ximnasio (WiFi).

- **Equipamento dispoñible:** ao ser un centro E-Dixgal, as aulas do programa contan con ordenador portátil para uso do profesorado, proxectores de ultracorta e PDI, nalgúns casos con moita antigüidade e/ou cun funcionamento deficiente. O resto de aulas contan con elementos semellantes aínda que non tan completos, ordenador portátil, proxector e nalgúns casos PDI. O equipamento das áreas comúns de traballo (biblioteca, departamentos, administración, sala de profesorado, etc.) consiste en ordenadores adquiridos polo centro e con conexión a impresoras de rede xestionadas por unha empresa especializada. Por último, indicar que o alumnado da ESO dispón en cesión dun equipo ultraportátil e tamén se dispón dunha dotación de 16 ultraportátiles máis para ceder no caso de alumnado en situacións deficitarias.
- **Servizos dixitais educativos:** están operativas, e úsanse : a páxina web do centro, as aulas virtuais, o EVA-Edixgal, o Espazo Abalar, e outras ferramentas corporativas.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** por un lado, a xestión do mantemento do equipamento adquirido directamente polo centro faise polo equipo directivo, e cando non é posible, mediante a contratación dunha empresa especializada. Por outro, o equipamento E-Dixgal xestiónase mediante o soporte técnico do proxecto e a colaboración da coordinadora e a dirección do centro.. Destacar tamén que no equipamento E-Dixgal, hai unha disparidade na eficiencia desa xestión, os equipos informáticos do alumnado ou de aula reciben unha atención pronta e eficaz, o que non acontece con outros elementos como as PDI nas que actualmente mantemos dúas incidencias abertas con máis dun ano de antigüidade as que non se lles da resposta.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	4	4	4
	Profesorado	4,4	4,4	3,8
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8	3,8	3,8
	Profesorado	3,5	3,5	3
	Alumnado	2,8	2,5	3,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,4	4,4	4,4
	Profesorado	4,4	4,4	3,8
	Alumnado	3,8	3,3	3,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,5	4,5	4,5
	Profesorado	4,1	4,1	3,9
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8	3,8	3,8
	Profesorado	4	4	4,1
	Alumnado	3,9	3,7	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7	3,7	3,7
	Profesorado	3,3	3,3	3,7
	Alumnado	3	2,9	3,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,5	3,5	3,5
	Profesorado	2,9	2,9	3,3
	Alumnado	2,7	2,6	2,9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4	4	4
	Profesorado	3,3	3,3	3,4
	Alumnado	3,3	3,3	3,6

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	30	66,7%
PROVISIONAL	6	8	75%
INTERINO	3	8	37,5%
SUBSTITUTO	3	7	42,9%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	71,9	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	72,7	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P.	82,5	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3%
A2	12	36,4%
B1	14	42,4%
B2	5	15,2%
C1	1	3%
C2		
TOTAL	33	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CA	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	1. Temos unha infraestrutura de rede adecuada (C1)	1. A asistencia técnica do equipamento que non

GO RÍ AS		2. Equipamento na maior parte das aulas (portátil/proxector/EDI) (C2) 3. Todo o alumnado e profesorado ten acceso a Internet no centro(C3) 4. O centro dispón de asistencia técnica tanto para o equipamento propio como para o equipamento edixgal (C4) 5. Cumprimento coa normativa de protección de datos (C7) 6. O alumnado da ESO ten dispositivos dixitais cedidos polo IES para empregar nas aulas e levar a casa (C8-C10) 7. O alumnado de BAC ten móbiles propios que pode traer ao centro e empregar, cando o profesorado o solicita, de forma didáctica (C13) 8. Temos espazos para facilitar a ensinanza con dispositivos dixitais (C14)	pertence ao proxecto edixgal é máis lenta e debe ser xestionada polo propio centro (C5) 2. O centro non dispón de dispositivos dixitais para a aprendizaxe que poda ceder ao alumnado de bacharelato (C8) 3. O centro non dispón de tecnoloxías asistenciais para o alumnado con NEE (C15) 4. O equipamento EDIXGAL de aula (portátil e proxector) está preto de esgotar a súa vida útil polo aumento das incidencias e avarías no seu uso 5. Parte do equipamento está obsoleto e precisa da súa renovación.
	PERSONAL DOCENTE	1. Existe un debate dentro do profesorado para o uso das novas tecnoloxías na docencia (B4) 2. O profesorado debate sobre as súas necesidades de formación sobre o uso das novas tecnoloxías na educación (D1) 3. O profesorado ten a súa disposición formación sobre novas tecnoloxías (D2) 4. O profesorado é quen de buscar recursos educativos en liña (E1) 5. O profesorado emprega contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado (E3) 6. O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación coas familias e co alumnado (E4) 7. O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino aprendizaxe ao alumnado (F1) 8. Profesorado obtivo unha nota media que se corresponde coa media galega (CDD) 9. Parte do profesorado lidera e explora novas modalidades de ensino (A3)	1. Non se debaten co alumnado as vantaxes e desvantaxes de uso das novas tecnoloxías (B4) 2. Ausencia de proxectos interdisciplinares sobre todo en BAC (F6) 3. Pouco uso da autoavaliación mediante tecnoloxías dixitais (G5-F6) 4. Un 40% do profesorado considera que está no nivel "principiante" (A1) ou "explorador" (A2) 5. Pouco uso das tecnoloxías emerxentes (CDD). 6. O sistema de comunicación coas familias é bastante pobre coa imposibilidade, entre outras, de anexar documentos (E4) 7. A orientación ten dificultade para enviar mensaxes a través de Abalar por non ter grupos de docencia asignados (E4)
	PERSONAL NON DOCENTE	1. O profesorado pode comunicarse por correo electrónico coa consellería. 2. Auxiliar administrativo con boa formación e manexo de ferramentas ofimáticas e corporativas. 3. Boa disposición e interese por actualizar as súas competencias do PND.	1. Os auxiliares de conversa non teñen acceso nin á rede wifi do centro ao EVA 2. Falla de formación específica en ferramentas ofimáticas e nas aplicacións da Consellería, no caso do persoal de limpeza e subalterno. 3. Uso pouco habitual do correo corporativo no caso do persoal de limpeza e subalterno.
	ALUMNADO	1. O alumnado desenvolve habilidades dixitais en todas as materias. (H10) 2. O alumnado ten a habilidade de comunicarse co profesorado e cos seus compañeiros e compañeiras a través de tecnoloxías dixitais.(H8) 3. Unha importante parte do alumnado ten certa habilidade na creación de contidos dixitais que desenvolve no seu tempo de lecer. 4. O alumnado mostra interese por materias relacionadas coa tecnoloxía: Programación, DI3D, etc.	1. Parte do alumnado non valora os traballos doutras persoas que atopan en internet. (H6) 2. Parte do alumnado considera que non aprende a programar nin a resolver problemas técnicos que xorden ao empregar tecnoloxías dixitais. (H11-H13) 3. O alumnado emprega equipamento tecnolóxico tamén no seu tempo de lecer e ás veces non sabe separar os diferentes usos. 4. O alumnado considera que ten competencias dixitais, porén, estas son baixas nos entornos de aprendizaxe (H)
	FAMILIAS	1. A maior parte das familias dispoñen de dispositivos TIC nos seus fogares. 2. A maior parte das familias dispón de acceso de calidade a Internet nos seus fogares. 3. A maior parte de familias está implicadas no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas. 4. Comunicación mediante a plataforma Abalar co Centro. 5. Interese e respaldo aos proxectos de dixitalización	1. Algunhas familias non son dixitalmente competentes e teñen problemas á hora de empregar os aplicativos informáticos de educación. 2. Algunhas familias non consultan con regularidade o aplicativo Abalar-móbil. 3. Cando se producen cambios de móbil, non sempre volven a instalar o Abalar-móbil, perdéndose o contacto co centro. 4. Moi excasa contratación do seguro do equipamento

		do Centro, en particular ao proxecto Edixgal.	Edixgal e polo tanto dificultades á hora de reparar os equipos con problemas.
	OFERTA	1. Aposta do centro polo proxecto Edixgal. 2. Alta participación e compromiso do Clube de Ciencia, Equipo de Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega ofertando actividades complementarias. 3. Posibilidade de cursar algunha materia optativa de TIC en todos os cursos: DI3D, Programación, Investigación e Tratamento da Información, TIC's	1. Debería existir unha materia, ou algunha sesión, para mellorar a competencia dixital do alumnado cando se incorporan ao centro.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Existencia dunha estratexia dixital no Proxecto Educativo do Centro. 2. Existen métodos de recollida de incidencias implantados no centro. 3. O centro usa as redes sociais para a divulgación das súas accións.	1. A recollida de incidencias non está dixitalizada. 2. Normas, planos, uso de plataformas para o profesorado novo e documentos de centro non están dispoñibles nun espazo dixital. 3. A páxina web do centro precisa actualizarse e converterse en fonte de información de referencia para a comunidade educativa.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O RÍ A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. A velocidade coa que se solucionan as incidencias co equipamento Edixgal tende a ser alta. 2. Ofertar actividades de Desenvolvemento Profesional Contínua. 3. Investimento no proceso de dixitalización dos centros e oportunidades de mellora.	1. Horarios do profesorado moi cargados que non deixan suficiente tempo para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital (B2-E2-A4) 2. Non se ofrecen instrucións claras sobre a utilización e acceso de plataformas dixitais o profesorado. 3. A administración non esixe unha certificación de competencias dixitais ao profesorado nos procesos de acceso a prazas de centros vinculados ao Proxecto Edixgal 4. A administración non ofrece unha plataforma con ferramentas colaborativas de traballo do tipo "Google Drive". 5. Non se ofrece un sistema de almacenamento sincrónico na nube, nin a alumnado, nin a profesorado e persoal de administración e servizos.
	LEXISLACIÓN	1. Adaptación aos cambios sociais	1. O marco lexislativo está en constante cambio e resulta inabarcable para a maior parte da comunidade educativa. 2. Os cambios lexislativos pode causar que o material proposto en E-DIXGAL estea desactualizado e que esta actualización non sexa inmediata.
	CONTORNA	1. Dixitalización en auxe, dende a pandemia, e recoñecemento social. 2. Impulsar a colaboración do Concello.	1. Dificultades para o acceso a internet de calidade nas zonas máis rurais.
	ANPA	1. Posta en marcha dun ANPA	1. Falta de implicación das familias na vida interna do centro.
	OUTRAS ENTIDADES	1. Colaboración coas universidades galegas e outras asociacións á hora de programar charlas e outras actividades para o alumnado. 2. Posibilidade de participar en Plans Proxecta, Plan Director (ciberacoso, redes sociais, etc.)	1. Pouca variedade de actividades deseñadas para a mellora do uso das TIC's.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: B. Colaboración e interconexión.							
1. OBXECTIVO (1):		Mellorar a percepción do alumnado cara as novas tecnoloxías na aprendizaxe (ítem B2*)				Acadado	
RESPONSABLE:		Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Porcentaxe de persoas que responden á puntuación máis alta respecto á actitude positiva ante o emprego das tecnoloxías na aprendizaxe.					
Valor de partida (3)		0%					
Valor previsto e data (4)		20%			20/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Exposición das dificultades que atopa o alumnado no uso das novas tecnoloxías na aprendizaxe.	Titor	20/10/2022	Folla de rexistro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Debate e reflexión sobre a utilización das novas tecnoloxías na aprendizaxe.	Titor	20/11/2022	Folla de rexistro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Elaboración e distribución dun documento de erros/problemas máis frecuentes e posibles solucións.	Grupo Plan Dixital	20/12/2022	Documento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

B2: Debate sobre o uso da tecnoloxía

“Área/s de mellora”: H. Competencias dixitais do alumnado							
2.	OBXECTIVO (1):	Utilizar de xeito responsable a información que se atopa nas redes. (Item H3*)				Acadado	
	RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de cursos que participan na actividade de busca e discriminación de información respectando os dereitos de autor.					
Valor de partida (3)		0					
Valor previsto e data (4)		30%			10/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Formar ao alumnado na discriminación de información, respecto dos dereitos de autor, busca avanzada.	Equipo Directivo	30 de Abril 2023	Ordenador con conexión a Internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Charlas sobre seguridade na rede.	Equipo Directivo	30 de Maio 2023	Relator experto en seguridade na rede		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

H3: Comportamento responsable.

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoio e recursos.							
3. OBXECTIVO (1):		Empregar adecuadamente a información da rede respectando as licenzas por parte do profesorado. (Item E1*)				Acadado	
RESPONSABLE:		Xefatura de estudos (PFPP)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Porcentaxe de profesorado que participa nas actividades do PFPP relacionadas co uso adecuado das licenzas.					
Valor de partida (3)		0					
Valor previsto e data (4)		40%			28 de Febreiro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8).	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO3.1: Formar ao profesorado na discriminación de información, respecto dos dereitos de autor, busca avanzada.	Equipo Directivo (PFPP)	20 de Febreiro 2023	Relator experto na materia		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Formar ao profesorado no deseño de estratexias de ALFI-AMI .	Equipo Directivo (PFPP)	15 de Xuño 2023	Relator experto na materia		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

E1: Recursos educativos en liña.

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía e implementación na aula							
4.	OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital do alumnado a través dos departamentos didácticos. (Item F1*)				Acadado	
	RESPONSABLE:	Persoa coordinadora do Plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		% de departamentos que usan como mínimo un software vinculado á súa materia.					
Valor de partida (3)		20%					
Valor previsto e data (4)		50%			Final de curso 22/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO4.1: Coordinar e axudar aos departamentos para o deseño e implementación do Plan TIC acorde coas necesidades da materia.	Persoa responsable do Grupo Plan Dixital e dos departamentos didácticos.	19 de Decembro 2022	Acta de reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2:Coordinar sesións formativas en 1º ESO para a iniciación no uso do EVA	Persoa responsable do Grupo TIC, profesorado do curso	30 de setembro de 2022	Guión formativo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

F1: Adaptación ás necesidades do alumnado.

“Área/s de mellora”: A Liderado							
5.	OBXECTIVO (1):	Dixitalizar e actualizar a documentación do centro. (Item A1*)				Acadado	
	RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de documentos actualizados e dixitalizados					
	Valor de partida (3)	0					
	Valor previsto e data (4)	5			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO5.1: Dixitalizar a documentación de centro para o profesorado de nova incorporación.	Equipo directivo, coordinador TIC	30 de Outubro 2022	Ordenador e pantalla táctil		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2:Actualizar e dinamizar a páxina web do centro.	Equipo directivo, coordinador TIC	30 de Xuño 2023	Ordenador		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: Dinamizar as redes sociais do centro.	Equipo directivo, biblioteca	30 de Xuño 2023	Ordenador		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

A1: Estratexia dixital.

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoio e recursos.							
6.	OBXECTIVO (1):	Elaborar materiais dixitais comúns. (Item E2*)				Acadado	
	RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de materiais elaborados polo grupo de traballo.					
Valor de partida (3)		0					
Valor previsto e data (4)		4			22 de Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO6.1: Proponer en CCP a creación de grupos de traballo para a elaboración de rúbricas e exercicios de autoavaliación.	Equipo directivo	20 de Outubro 2022	Acta da reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.2: Crear un curso na AV para difundir información relacionada coa estratexia dixital do centro.	Equipo directivo, grupo de traballo do Plan Dixital	30 de Marzo 2023	Aula virtual do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.3: Elaborar e difundir os materiais propostos no punto AO6.1	Equipo directivo, grupo de traballo do Plan Dixital e o profesorado	20 de Xuño 2023	Ordenador e aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

	implicado					
--	-----------	--	--	--	--	--

E2: Creación de recursos dixitais.

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Uso do espazo	Infraestrutur a de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
Conserxería Edificio 1	Telefonía, rede por cable	2 pc portátiles, 2 impresoras multifunción. Adquiridos polo centro.	Equipos obsoletos	Posto de traballo de xestión e administración.
Conserxería Edificio 2	Telefonía, rede por cable	1 pc, 1 impresoras multifunción. Adquiridos polo centro.	Equipos obsoletos	Posto de traballo de xestión e administración.
Biblioteca	Rede por cable e wifi	1 pc sobremesa, 6 pc portátiles, 1 impresora multifunción, lector de código de barras. Adquiridos polo centro.	Equipos obsoletos	Posto de traballo de xestión. 6 novos equipos de consulta para o alumnado.
Comedor				
Salón de actos	Rede por cable e wifi	Pc portátil, proyector, equipo de son.	A WiFi pertence á antiga rede Siega	Actualizar WiFi ao sistema do resto do centro.
Administración	Telefonía, rede por cable.	1 pc sobremesa, 1 impresora multifunción. Equipos adquiridos polo centro.	Estado correcto.	
Sala de docentes	Telefonía, rede por cable e wifi.	2 pc sobremesa, 2 pc portátiles, 1 impresora multifunción, proyector. Equipos adquiridos polo centro.	Equipos obsoletos.	Renovación
Sala de Atención a pais Edificio 1	Telefonía, rede por cable.	1 pc portátil. Siega 2009	Equipo obsoleto	Renovación.
Sala de Atención a pais 2	Telefonía, rede por cable.	1 pc portátil. Siega 2009	Equipo obsoleto	Renovación.
Despacho de Dirección	Telefonía, rede por cable.	1 pc sobremesa, 2 pantallas, 1 impresora multifunción. Equipos adquiridos polo centro.	Impresora obsoleta	Renovación.
Despacho de Xefatura de Estudos	Telefonía, rede por cable.	1 pc sobremesa, 1 impresora multifunción. Equipos adquiridos polo centro	Estado correcto	
Despacho de Vicedirección	Telefonía, rede por cable.	1 pc sobremesa, 1 impresora multifunción. Equipos adquiridos polo centro	Impresora multifunción funcionamento deficiente	Renovación impresora multifunción.
Despacho de Secretaría	Telefonía, rede por cable.	1 pc sobremesa, 1 impresora multifunción. Equipos adquiridos polo centro	Estado correcto	

Despacho de Orientación	Telefonía, rede por cable.	1 pc sobremesa, 1 impresora multifunción. Equipos adquiridos polo centro	Estado correcto	
Taller de Tecnoloxía 1	Rede por cable e wifi.	Proxector	Carece de equipo informático e o proxector é moi antigo	Equipamento de aula.
Taller de Tecnoloxía 2	Rede por cable e wifi.	Ordenador portátil (adquirido polo centro) e proxector	Equipo informático e e proxector obsoletos	Equipamento de aula.
Aula de Informática Edificio 1	Rede por cable e wifi	18 pc sobremesas (XUGA) 8 pc sobremesas, pc portátil, 1 impresora 3D. Pantalla interactiva. (Adquiridos polo centro)	Estado correcto	
Aula de Informática 2	Rede por cable e wifi.	28 pc torre,, 1 pc portátil, 1 impresora 3D, proxector. Equipos do ano 2007-2010	Equipos obsoletos Proxector obsoleto.	Renovación completa.
Equipamento con Móbilidade (carros Abalar modificados)		6 carros (proxecto abalar)	Falta de carros para as restantes aulas E-Dixgal e aula portátil. Non foron dotados como correspondía na ampliación do proxecto E-Dixgal	Actualmente temos necesidade de 5 carros máis.
Departamentos Didácticos Edificio 2 (9 dependencias)	Rede por cable.	1 pc portátil ou sobremesa, telefonía. Impresora de rede. Equipos adquiridos polo centro.	Equipos obsoletos	Renovación completa dos equipos informáticos e da impresora en rede.
Departamento Física e química. Edificio 1	Rede por cable e wifi, telefonía	1 pc sobremesa. Adquirido polo centro	Equipo obsoleto	Renovación
Departamento Bioloxía e xeoloxía Edificio 1	Rede por cable e wifi, telefonía.	1 pc sobremesa i impresora multifunción. Adquiridos polo centro.	Equipos obsoletos.	Renovación.
Departamento Ciclo	Rede por cable e wifi	1 pc sobremesa. Impresora. Adquiridos polo centro.	Equipos obsoletos	Renovación.
Laboratorio de Bioloxía	Rede por cable e wifi,	pc portátil e proxector.	Equipos obsoletos	Renovación
Laboratorio de Física	Rede por cable e wifi,	pc portátil e proxector.	Equipos obsoletos	Renovación
Laboratorio de Química	Rede por cable e wifi,	pc portátil e proxector.	Equipos obsoletos	Renovación
Aula de Música	Rede por cable e wifi,	pc portátil e proxector.	Equipos obsoletos	Renovación
Aula de Plástica	Rede por cable e wifi,	pc portátil e proxector.	Equipos obsoletos	Renovación
Aula de Debuxo Técnico	Rede por cable e wifi,	pc portátil e proxector.	Equipos obsoletos	Renovación
Sala de Xuntas	Rede por cable e telefonía.		Falta dun equipo informático	Dotación posto de traballo.
Aula Multifuncional Ciclo	Rede por cable e wifi	pc portátil e pantalla interactiva e impresora multifunción. 10 pc sobremesa.	Os equipos informáticos son moi antigos 2007-2010	Renovación equipos informáticos.
Aula Taller Ciclo	Rede por cable e wifi	pc portátil e pantalla interactiva. Impresora	equipo informático obsoleto.	Renovación equipo informático

		multifunción.		
Aulas Bac Edificio 1 (5 aulas)	Rede por cable e wifi	Pc portátil , proyector e PDI Adquiridos polo centro.	estado correcto	
Aulas desdobres BAC (3 aulas)	Rede por cable e wifi	Pc portátil e proyector. Adquiridos polo centro.	Equipos informáticos e proyectores obsoletos	Renovación equipos informáticos e proyectores. Dotación de PDI's
Aulas E-Dixgal Edificio 1 (4 aulas) Edificio 2 (6 aulas)	Rede por cable e wifi	Pc portátil, proyector e PDI. Proxecto E-Dixgal	2 PDI non funcionan 7 Pc's obsoletos	Renovación pc's e arranxo PDI's
Aulas desdobres ESO Edificio 1 (4 aulas)	Rede por cable e wifi	2 Pc portátil, proyector e PDI. Proxecto E-Dixgal 2 Pc portátil e proyector	2 pc portátiles e 2 proyectores obsoletos.	renovación pc's
Aulas desdobres ESO Edificio 2 (10 aulas)	Rede por cable e wifi	7 aulas con pc portátil, proyector e pdi. Proxecto Abalar e aulas dixitales. 3 aulas con pc portátil e proyector.	pc portátiles e 3 proyectores obsoletos	renovación pcs.

4. Avaliación do plan

Procesual:

Realizarase unha revisión trimestral do plan de acción recollendo o resultado nun resumo que pode ser en formato de táboa, á que se pode engadir unha explicación complementaria.

TÁBOA DE AVALIACIÓN PROCESUAL				
OBXECTIVO	DATA REV.	ACADADO Si/Non	OBSERVACIÓNS	MODIFICACIÓNS
AO1.1	20/10/22			
AO6.1	20/10/22			
AO5.1	30/10/22			
AO1.2	20/11/22			
AO4.2	30/11/22			
AO4.1	19/12/22			
AO1.3	20/12/22			
AO3.1	20/02/23			
AO6.2	30/03/23			
AO2.1	30/04/23			
AO2.2	30/05/23			
AO3.2	15/06/23			
AO6.3	20/06/23			
AO5.2	30/06/23			

Final:

Na avaliación final do plan de acción identificaranse do total dos obxectivos propostos cantos se acadaron en cada área, os que están en fase de desenvolvemento, e os non iniciados, engadindo unha breve explicación destes resultados e, se é o caso, posibles modificacións das accións.

Tamén se farán propostas de introducción de novos obxectivos cara ao vindeiro curso.

TÁBOA DE AVALIACIÓN FINAL					
ÁREA DE MELLORA DigCompOrg	Nº de obxectivos propostos	Nº/% de obxectivos acadados	Nº/% de obxectivos en proceso	Nº/% de obxectivos sen iniciar	Observacións
A					
B					
C					
D					
E					
F					
G					
H					
Total Plan					

5. Difusión do plan

Este documento pasará a formar parte da documentación oficial unha vez aprobado e polo tanto será publicado xunto con esta na web do centro.

Para difundirlo se enviarán mensaxes aos distintos membros da comunidade educativa co enlace correspondente.

**ESTE PLAN DIXITAL FOI PRESENTADO AO CLAUSTRO O DÍA ...
E APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR O DÍA**

En Sarria a 30 de xuño de 2022